

# Ó tabú ideolóxico

## Markos Zapiain



(Irún, 1963). A día de hoxe reside en Bermeo. Exerce como mestre de filosofía no Instituto desa localidade. É doutor en Filosofía e licenciado en Filoloxía.

Publicou artigos no *Euskaldunon Egunkaria*, *Gara*, *Bozka*, *Ostiela!*, *Egin*, *Berria*, *Bazka* e *Jakin*.

Impartiu unha morea de conferencias sobor filosofía e literatura vasca en distintas cidades fora e dentro do País Vasco: Larrabetzu, Londres, Lazkao, Iruñea, Eibar, Bilbo, Miarritz, Beirut, Hondarribia, Donostia...

Na súa variada obra sobresaen os títulos *Zenbait terrorista* (Algúns terroristas) (Txalaparta, 2003), *Errua eta maitasuna* (Culpabilidade e amor) (Elkar, 2002), *Denbora eta egia: Kojèveren gogoeta* (Tempo e verdade: reflexións de *Kojève*) (Errotete, 2006). Traduciu ao euskara *Gizakiaren heriotza* (A morte do home) (Jakin, 1998) e *Duintasuna* (Dignidade) (Enbolike, 1999), entre outros.



# Ó revés do día. Un Santpancracio grotesco

Markos Zapiain

Chegada a hora de concretalas características comúns dos soños dos membros de ETA, mellor que empregala definición de Freud (que o soño é o cumprimento dos desexos, a execución dos desexos inconscientes), sería botar man da figura da morte, internar no reino da morte da man de *Dream and the underworld* de James Hillman. Entre os soños dos membros de ETA, existen aqueles que consuman os desexos, pero tamén os que non se realizan, así e todo, tanto uns coma outros teñen o mesmo remitente, a morte. Sen contalo segundo de Goio “Rojo”, os soños dos membros de ETA virían a reflexar e adentrarse nos distintos xeitos do lado escuro da vida, serían algo así como afundirse nos pozos viscosos da morte, imáxenes do submundo, covas desacougantes, distintos círculos do inferno: afogarse docemente nun mar xeado, non te poder enterder co teu propio irmán, o tempo que se esgota (*Gizona bere bakardadean/ O home só*); a orde ríxida da túa nai de que sexas ti mesmo que se meta no cadaleito e morras, e non poder cumplila (*Hamaika Pauso/ Once pasos*); alonxarse da amada, a morte do ser querido, pálida xente morta, enfermos sen dentes (*Zeru horiek/ Esos ceos*); a nai deitada como unha papoula ensanguentada sobre o trugal verde (*Koaderno Gorria / Caderno vermello*); a sombra mortal dun psicópata e a súa morte por sobredose de pastillas, a decisión de suicidarse do bou “Bizkaia”, non sen antes lanzar unha mensaxe ó mundo, para que teña a nova do tráxico fado do noso pobo (*Aguirre zaharren kartzeladi berriak/Novos apresamentos do vello Aguirre*); o veciño membro do comando volto diaño, queimals mans, a perda de identidade, matar a un inocente (*Pasaia Blues/ Pasajes Blues*), a sospeita de corpos humanos e animais despedazados, seccionar o teu propio corpo, e perder un pai, soidade, enfrontarse ó Gran ladrón (*Lagun*

*izoztua/O amigo xeadó*); dende o peixe abisal a túa nai avísate de que morreu e o teu mellor amigo, xa morto, falache dende ese mesmo lugar; dar voltas ó redor da Terra cunhas botellas de osíxeno case baleiras e de compañía un astronauta admirado xa morto, a nave espacial caeu á Terra, o astronauta no seu cadaleito, o derradeiro adeus; o mestre vai collelo tren da morte, te empurra ó seu interior (*Soinujolearen semea/ O fillo do acordeonista*); unha onda xigante vai engulilo ex presidiario suspendido e paralizado no cantil; o ex presidiario que se agocha nun campanario e militantes españois suben polas escaleiras para matalo (*Labartzari agur/Adeus a Labartza*)...

Son as formas da morte, sentimentos inexorables, son de grilos, o arrepío da febre, o medo á nada, o desacougo por ter que renunciar á vida, carazo conmovido, triste nerviosismo.

¿Compre sacar algunha conclusión desa supremacía da morte? Quizabes, o mellor sexa falar sobor desa alianza de soños, como sobor das cousas que non se poden explicar con claridade. Proque a morte é a nada e a nada, como decía Kojève, podemos dicir, como moito, que existe, pero non podemos concretalas súas características. Máis do mesmo sobor da base común dos soños dos membros de ETA. Amosan, basicamente, o desexo de voltar á simplicidade tranquila da morte. Con todo, aínda que a figura da morte sexa predominante, non serve para conxecturalo “estadio psicolóxico típico” dun membro de ETA, porque non o hai. Sen embargo, a personalidade de cada membro soñador de ETA non ten igual, e resulta moitas veces variable, como as razóns de entrar, permanecer ou saír da organización.

Analizando os soños dos membros de ETA, semella que quen racha un dos tabúes políticos do soñador sexa un dobre de Txillardegí, o protagonista de *Labartzari agur*.

## 1.

Txillardegí, a prol da loita armada. Esa é a conclusión á que chaga o meu alumno e polo tanto enemigo Peio Ruiz logo de lela última novela de Txillardegí, *Labartzari agur*.

O protagonista Antton Ihartzegarai si defenderá a loita armada cando despois de saír do cárcere coñece Labartza, entendendo como baldía a tarefa política, a pistola é a única vía para o proceso de liberación.

Non obstante, Txillardegí non é Antton Ihartzegarai.

Para coñecelas opinións de Txillardegí sobor da loita armada, o máis cordo é lelo propio Txillardegí, polo menos de primeiras. Na

actualidade, Txillardegi apoia á coalición Aralar. E a loita armada no lle parece axeitada, pero non por razóns éticas, se non porque beneficia ó adversario.

Con todo, sempre hai que diferenciar o que se manifesta publicamente, e os sentimentos que nos mexen por dentro, difícil de confesalos incluso un mesmo. A literatura adoita ser un xeito de expresión destes últimos. Así, existen polo menos dous *Txillardegis*: un é quen escribe artigos coherentes nos que desenrola argumentos contrarios á loita armada no “Berria” e no “Gara”, e o outro, máis íntimo, é quen coincide co ánimo de Antton Ihartzeagarai.

Pero non abonda, aínda hai máis nos que desfacer: a relación entre o escritor e os seus personaxes é complexa, imposible de cinguir enteiramente, é difícil que o escritor e o personaxe coincidan en todo: o escritor pode sumarlle ó personaxe aquilo que lle falta, o que lle sobra, ou nin unha nin outra cousa; pode presentalo como exemplo, ou como contraexemplo, ou nin un nin outro; ó biés dos seus personaxes pode querer criticar unha identidade ou unha política concretas, ou pode querer ridiculizalas, ou loubalas. A historia da literatura tratou case tódalas posibilidades. O escritor, ademáis, como calqueira outro mortal, moitas veces tampouco sabe o que quere exactamente.

Neste sentido, fraco favor nos fai Koldo Mitxelena nun fermoso e polémico prólogo a *Peru Leartzako*, é decir, que Txillardegi nos presenta a Peru como exemplo é unha proba feble de Mitxelena: Tanto Peru como Txillardegi, os dous empregan a xeito de palabra clave o prefixo vasco “sasi”<sup>1</sup>.

Sexa como fora, tampouco e posible que no fondo íntimo de Txillardegi viva a idea de facer tolear ó lector e sacrificalo, na liña de perdición de Leturia, Peru, Elsa, Exkixu, Putzu e sobor de todo Ihartzeagarai. Quizabes, Txillardegi agoche un monstro asasino que empurra ó lector á sensación dunha morte próxima.

Pode que Txillardegi desenrolara na súa literatura ese instinto asasino universal. O ano pasado lembrou nunha radio como un francés lle dixo “ti ámala morte”, “tu aimes le mort”. E deulle que pensar.

Pode ser, si, puidera ser, pero non é así. Txillardegi, na miña humilde opinión, non nos presenta como exemplos ni a Peru Leartzako nin a Antton Ihartzeagarai. Agora ben, lendo *Labartzari agur* sen prexuízos, se sinala que agora e aquí apoiar aloita armada só se pode

---

1 Prefixo que expresa que algo non e homólogo ou verdadeiro, aínda que teña a súa aparencia. *Mediquillo, Poetastro, etc.*

entender como unha cuestión patolóxica, nun cadro clínico onde despuntan a fobia social, o delirio, o pesadelo, a morriña o pasado, a autocompasión e una desintegración xeral.

## 2.

Hay que explicar que expresións como “desintegración xeral” e “morriña do pasado” non son valoracións, tampouco interpretacións, se non o punto de vista dos compañeiros de Ihartzegarai e as persoas que máis o estiman: Ander: “Ti non estás ben” (186); e a súa irmá Ixaskun: “estás fatal dos nervios, Antton. Compre que vaias ó médico, sen perder máis tempo” (173).

E deste xeito vese Antton a si mesmo: “no me atopo ben, e vou a peor. Calquera cousa me fere ou me deprime. Xa non son o de antes” (170).

A loita interior que enferma a Ihartzegarai se desenrola nestes dous falares: “o pasado, pasado está” e “mal nome Realidade”. Antton non acepta o paso irremediable de tempo, que todo cambia incesantemente, “o pasado, pasado, repetíame á min mesmo. Pero non mestaba mintindo” (166).

Pode máis o segundo. “Pouco a pouco, aquel pensamento envenenado de “mal nome Realidade” íase apoderando de min, ata converterme nun asunto abondo fastidiado e abondo doloroso” (166).

Moi lonxe desa dor natural pola perda do pasado está no carácter do de Labartza. Castígase sen descanso botando vinagre sobre as vellas feridas. Un gato nos acompaña ata un dos rasgos principais de Ihartzegarai (nunha clave de toda a obra de Txillardegi): cando tiña uns doce anos (agora cumple cincuenta) adoitaba ir ca súa irmá Ixaskun ó casarío Goia para xogar cos outros nenos da zona. Un día, retiveron un gatito negro contra o marco da fiestra. O cristal impedíalle entrar na habitación. Divertíronse con el, ata que se precipitou ó vacío. Aínda tentaron reanimalo, o gato morreu o instante, ¡os nenos rompen a chorar! Enterran o gatito, e colocan unha cruz. Por aquel entón, Antón creía, máis o menos, na inmortalidade dos seres humanos, pero non na dos gatos, pouco consuelo, por tanto, por ese lado. A morte das súas avóas tampouco o apenaron abondo. Buscará respostas incesantemente.

A súa irmá Ixaskun intenta consolalo: que a súa intención no era mala, que rematará esquecendo. A resposta de Antton: “¡Non quero esquecer! ¡Pobre gatiño! Pasei o día chorando. Nin siquera cenei” (143).

Pasan dazaoito anos dende aquela. Antton Ihartzegarai pasou os últimos dazasete preso en distintos cárceres españolas. Morren o seus pais estando preso. A nai, cando Antton debería estar por lei na rúa.

Non lle permitiron acudir ó enterro. Todo iso, por suposto, non axudará a mantelo equilibrio.

Planeas para cando sala do cárcere unha viaxe cronolóxica, visita-los lugares máis significativos do seu pasado, de atrás cara adiante.

Un de aqueles lugares sagrados será o lugar onde enterraron aquel gatito. Arrodíllase fronte á cruz, e aínda que non reza, alí botará longo tempo.

### **3. Un tsunami contro o ex presidiario**

Catro meses dende que o catorce de setembro o sacan do cárcere de Valcorneja, Antton está enfermo.

Os dous soños que nos conta Txillardegui son, por un lado, expresión do proceso de indisposición, síntoma, e por outro, acelerador, o empurran cara á enfermidade. Dous pesadelos, dos que Ihartzegarai esperta berrando, e o tranquilizará Ixaskun. Txillardegui nos sumerxe nos dous, xa non só sen avisar, se non, ademais, facendo crer ó lector que Antton o vive en realidade, e que non está a soñar.

A morte ameaza a Antton nos dous soños, no primeiro é a natureza, e no segundo a cultura, e dicir, a policía.

Putzu tamén sufriu nos soños a acometida da natureza. Estando en Lizarra, o barranco de Urbasa se lle parece algo atroz. “Como un monstro encurvado sobre o río Urederra a punto de desfreadarse en xeito de terrible ameaza. O revivín dous ou tres veces non meus pesadelos, o vín abalanzarse sobre min” (205).

O primeiro soño de Ihartzegarai recolle o vivido por Antton nun tempo atrás, sobre todo, os intres máis duros: o 22 de outubro, afógase un xove veciño de Ea, os funerais, a crueldade do mar: sinte a morte preto.

Logo, o once de novembro: primeiro, Antton lembra como de adolescentes, el e os seus amigos subía ata o arrepiante cumio de Izarte na busca de grilos, lagartas, víbora e lagartos, pondo as súas vidas en serio risco; despois, verá un fato de paxaros formando unha uve no ceo e, como se a visión lle espertara certa angustia, fica mudo, abraiado, e pensativo; ó final, permanecerá ollando ó este, ós faros da costa, Igeldo, Iger, Miarritze.

O primeiro soño recolle, sobre todo, aspectos dese once de novembro, pero ó día seguinte, o doce, Ixaskun lle contará que o avión que tomaron para vir de Valcorneja sufriu un accidente, e Antton se sentirá máis anguriado que no cárcere, “feble, vulnerable, moi fráxil. Como aquelas lagartas que atrapabamos cas mans de adolescentes” (173).

Antton revive a traxedia do gatiño o dezasete de decembro.

No nadal lembra a morte da súa nai, morta dez anos atrás, cando el aínda estaba no cárcere.

Todo se lle suma no primeiro soño o dezaioito de xaneiro:

“Á outra beira de Lagartza, preto de Izarte, unha tarde, perseguía un lagarto verde, ata que me quedei inmóbil ollando para o mar.

Había corenta metros por enriba de min, ata que os prados, e apunta do cantil; e outro tantos máis embaixo, ata as rocas da beira.

Rematei esquecendo o lagarto.

Tiña nas miñas costas a longa parede verde de lousa. E enfronte miña, o ancho mar.

A rocha que me de mal xeito me mantiña en pé, non tería máis de dúas plamas.

Respirando de mala maneira, e facendo breves descansos, xireime e estirei o brazo dereito. Toquei a pedra ca palma da man. Estaba xeada; e se non quería rematar xeados, tiven que separala libreiramente.

E case sen equilibrio, volví a quedar sen ter onde botala man.

O ruxido do mar subía pola parede como un desafío.

Non entendía nada.

Pareceume unha tolería baixar ata aquel saínte.

Dende nenos sabíamos o previstos que tiñamos que ser cando subíamos ata Labargane a coller lagartos e lagartas, o coidado que cumpría ter no fío de Labarburu e Izarte.

De escorregar alí arriba, ninguén che salvaba de caeres desfreado contra ás rochas.

Entón, ¿que me movía ata alí?

Descalzo e quedo naquel saínte do cantil de Izarte, o mundo dividiuse en dous: fronte miña, o mar; nas miñas costas, a terrible e fría parede de pedra.

Anoitecía; e o faro de Labargane comezaba a proxectala súa luz, extendíase ata o cantábrico.

Non podía nin subir nin baixar. Nada.

¿Que podía facer?

Un feixe de gaivotas voa fronte de min, berran, e descendem berrando ata as rochas.

- ¡Si pudiera convertirme en gaivota! –pensei para min–.

As luces do mar empezaban a encenderse, unha a unha, ata Capbreton: Igeldo, Iger, Miarritze... Máis luces, tremendo, un pouco máis preto e á dereita.

De súpeto, sinto forte arrepiós.

¿Que podo facer? ¿Que? ¿canto tempo podererí aguantar?

“¡Por deus! –pensaba para min–. Non hay ningunha fenda, nin unha greta, nada onde poida suxeitarme!”.

O mar volve ruxir dende lonxe.

E vexo como enfrente de min se forma unha enorme onda, un tsunami xigantesco, afogado entre tronos incesantes. Un maremoto alcanza todo Labargane.

A liña de luces que vira había pouco desapareceu detrás da onda xigante.

Matinando que baixar habería de ser unha tolería, tento subir. Ergo o meu pé dereito e o apoio contra a parede.

Sinto un frío magoante nas mans, e os dedos do pés próenme.

Xiro a testa, e vexo o mar de novo.

Aquel inimaxinable “mailström” do norte está de cada vez máis alto e grande.

- ¡Que é isto!...! ¡Que é isto!!...¡ ¡Que é isto!!... –exclamei tres veces, de cada vez máis alto–”. (149-151)

#### 4. Un Sanpancracio grotesco

“Ó día seguinte sucedume algo que me deixou aínda máis preocupado.

Paseaba pola avenida de Ondarrondo cara Labargane, e se me achegou de fronte unha persoa que andaría polo cincuenta. “Da miña quinta”, podería decir.

¿Que digo “da miña quinta”? Debería decir que se me achegou un sosia: alguén igualiño a min, meu irmán xemelgo (se o tivera). Máis aínda: a mesma persoa que vexo cando estou diante do espello.

Asústeme: “el son eu”... Ou se non “eu son el”.

E pasando á miña beira, saludou decindo:

- ¡Antonio Diarsegay!

Era a voz do carceleiro Enrique. E a mal pronunciación do apelido, é a súa.

- ¡¡Presente!! –contestei como o faría un autómatas. Do mesmo xeito que faciamos nos recontos de Valcorneja–.

E el continuo cara Atxeta.

Iso creo. Porque non quixen volvela mirada.

¡Que pavor!

Baixei a pendente. O chan estaba escorregadizo. E a piques estiven de caer.

Entrei na igrexa de San Pancracio. ¿A que? ¿Por que? Non o sei.

Estaba baleira, e facía frío. E a imaxe do xove mártir, moi lonxe de semellar tráxica, resultoume cómica.

Á dereita do altar esfachareaba unha luz.

A porta que leva ó campanario está aberta, subo pola pendente e estreita escaleira bufando.

Un feixe de militares españois irrompe na igrexa.

Axitan entre berros unha xigantesca badeira española. Empezan os disparos: cinco, dez, cen...

“¿Onde ehtá, Antonio, asasino?”.

O barullo é ensordecedor no interior da igrexa.

“Asasino... sasino... sino...”.

Pouco máis tarde, ca voz grave do bébedo e desalmado Enrique, increméntanse as preguntas e as ameazas:

“¿Onde ehtá? ¡Entrégate, Antonio! ¡Se non o fase, será peor!”.

Sego ata o final do campanario.

De súpeto, silencio absoluto.

Podía escoitalo latexo do meu corazón.

O reloxo deu a hora, e empezaron a doerme os ouvidos.

- ¡As cinco! –pensei–.

E volveron as ameazas.

“¡Antonio!... ¡Asasino!... ¡Non sairah vivo!... ¡Entrégate!”.

Sinto cada vez máis e máis preto a carreira das botas militares.

- ¡¡¡Non!!! –berrei ata rachala gorxa–...”. (170-172)

## 5. Ó revés do día

O segundo pesadelo fará enfermar a Antton, sente arrepiós e febres. Na véspera paseaba polos lugares decote, e esqueceu o camiño de volta á casa. Acepta á súa irmá visitar un neurólogo.

a) No soño aparece o carceleiro da primeira páxina, o odioso Enrique de Valcorneja.

¡Viuse a si mesmo!

“Alguén igualiño a min, meu irmán xemelgo (se o tivera). Máis aínda: a mesma persoa que vexo cando estou diante do espello.

Asusteime: “el son eu”... Ou se non, “eu son el”. (170)

¿Que quere decir exactamente que Atton e o seu carceleiro son semellantes?

¿Que significa para Atton ese soño, ou que quere decir Txillardegí ó lector?

Identificar ó carceleiro Enrique, un dos personaxes máis desprezables dende o comezo mesmo da novela, ¿que lle demostra a Atton?

Quizabes, ¿unha verdade agochada? ¿Algún perigo?

¿Que os contrarios e os inimigos son a fin de contas análogos, un descubrimento supostamente orixinario do este pero que emerxe en calquera parte?

Ou, concretando aínda máis, ¿que aqueles que ó comezo semellaban distintos rematan comportándose igual empurrados pola rivalidade, e polo tanto, semellan iguais?

**b)** Logo, unha vez pasa xunto el, Atton entra na igrexa de San Pancraccio, e a imaxe do mártir, en vez de tráxica, parécelle cómica.

Aquí andamos con outro enigma, relacionado ca analoxía ente Atton e Enrique, e que corresponde a un mesmo problema e un mesmo xeito de miralo mundo: porque Atton, ó longo da novela, ve tanto nos membros de ETA como nos gudarís a mártires dispostos a dalo seu sangue pola patria, de xeito heroico tráxico. Por iso di no soño “moi lonxe de parecerme”: “a imaxe do mártir, moi lonxe de parecerme tráxica, resultoume cómica”. (171)

¿Que significa agora o soño para Antton, que nos quere dicir Txillardegi?

Deixando de lado os posibles significados, ó final, militares españois, con Enrique ó fronte, entran na igrexa e tentarán matar a Antton. Antton agóchase no campanario. Pero os militares o axexan pola escaleira. Entón, Antton esperta, sobresaltado e arrepiado.

**c)** Este soño abaneará o punto de vista consciente de Antton respecto do conflito e a loita armada, e non só o abaneará: por un lado, e aínda que de seguro o gudari e o carceleiro non sexan iguais, a dexeneración dos seu feitos os emparella (Ortega Lara); por outro, o xove mártir que sacrifica a súa vida ven sendo grotesco.

Que o membro de ETA e o carceleiro sexan o mesmo, cárcere ETA igual a ETA cárcere, como explica no soño, non coincide co punto de vista do Antton esperto, co carceleiro malo e membro de ETA bo; sen embargo, a imaxe grotescado mártir non coincide ca do heroico gudari.

O segundo pesadelo é a máis importante porque enriquece a polifonía de *Labartzari agur*: como sempre, personaxes distintos teñen puntos de vista diferentes, pero por outro lado, o mesmo Antton Ihartzegarai, ó tempo que vai cambiando ó longo da novela, vivirá punto de vista contrapostos cando está esperto ou cando durme ou soña.

Para Antton, esa dramática desintegración nocturna do comportamento ó longo de toda a súa vida, é tan terrorífica e perturbadora como a certeza de saber que os militares o acurrarlan para matalo.

Deste xeito, a duplicidade de Txillardegi anteriormente mencionada, é dicir, que se amosa de xeito coherente contrario á loita armada no “Berria” e no “Gara”, e o outro, na literatura de *Labartzari agur*; sempre máis íntimo, que apoiaría o loita armada por medio de Antton Ihartzegarai, repítesenos permutadono interior do mesmo Ihartzegarai: o mesmo Antton que ó longo do díase convence a si mesmo da necesidade da loita armada, os soños lle ensinan ó

longo da noite a complementariedade do inimigo e o ridículo do martirio.

De noite e nos sonhos Antton traizoa ó Antton diurno, e viceversa. ¿Que Antton é máis auténtico?

Claro está que o punto de vista do Ihartzegarai diurno considérase, polo xeral tan anacrónico como danoso, e que é cousa máis espallada e mellor vista en Euskal Herria o que nos demostra ese segundo soño; case tódolos medios de comunicación están pola labor, e na actualidade é algo que abonda cada vez máis á hora de facer un filme da historia e os acontecementos.

## 6. Despedida

Ihartzegarai se sente cada vez máis só e máis incómodo en Labartza e tomará unha decisión valente: aillarse no monte, en Zingiregi, co seu noso can Baltza. Unha decisión excelente, certo. Lévese con el os *Pensamentos* de Marco Aurelio: “Hei de confesar algo: o emperador filósofo Marco Aurelio converteuse no meu conselleiro secreto”(221).

Unha decisión que máis semella de Zaratustra, pero marcha cos estoicos. Non sube en compañía á soidade do monte, como Zaratustra, co animal máis fachendoso baixo o sol –a agúa–, nin co animal máis discreto baixo o sol –a serpe–, se non cun canciño, o animal máis leal baixo o sol.

Por outro lado, non elixe a Marco Aurelio porque está de acordo con el, se non todo o contrario: dende que sae do cárcere, Atton Ihartzegarai fai xusto todo o contrario do que reivindica Marco Aurelio.

Por un lado, o estoico aconsellou esquecelo pasado e o futuro, e vivilo presente do xeito máis doce que se poida.

Por outro lado, Marco Aurelio aconsella participares en todo o concernente á sociedade, xusto no desprezo que sente Ihartzegarai pola política.

Para rematar, é certo, como di o escritor Xabier Mendiguren, que *Labartzari agur* é unha especie de *summa* das anteriores seis novelas de Txillardegí: aquí atopamos a lagoa e o namoramento de Leturia; a tenacidade de Peru por conseguilo imposible: recuperar o perdido no pasado e detelo tempo, tamén os desvaríos e as borracheiras de Peru; e o sentimento de culpa de Elsa e a súa relación agridoce co gato “Mimu”; e os cantiles de *Haizeaz bestaldetik/ Da outra beira do vento*, o mar, Soustons, a profunda paixón polos animais; a rabia e a loita de Exkixu e Putzu... Si, *Labartzari agur* aglutina todo o anterior.

Pero ó mesmo tempo, ese final aberto o conveirte no libro máis xove de Txillardegi. Ihartzgarai é o único personaxe que o seu autor lle perdoa a vida.

E ó final, Ihartzegarai atopa en Zingiregi a posibilidade de esquecer unha terrible promesa que lle fai o seu can Baltza (“algún día o noso pobo alzarase farto de tanto politicastro. Pero é algo que nin ti nin eu veremos. ¡Desgraciadamente! E se temos a oportunidade de velo, iremos á guerra” (225)), e catro razóns para emprender unha nova vida: o amor da súa irmá Ixaskun, a compañia do cachorro, os *Pensamentos* de Marco Aurelio, e a nove milímetros parabellum, o animal máis humano baixo o sol, por se acaso, nunca se sabe, mira Igor Angulo.